

SINATURA ACORDO PERSOAL PNMT ILLAS ATLANTICAS 25.06.25

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático convocou ás organizacións sindicais que votaron a favor na Comisión de persoal do pasado 12 de xuño, do Acordo para o persoal adscrito ao PNMT Illas Atlánticas, Acordo autorizado polo Consello da Xunta o pasado 16 de xuño, segundo indicaban na convocatoria para sinatura.

UGT valora que en termos xerais o Acordo recolle as achegas realizadas pola Organización, singularmente a equiparación dos niveis dos postos de persoal funcionario creados no ano 2024 adscritos ao servizo Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Así mesmo, os tempos de descanso e a organización de traballo interno atendendo **ás singularidades do Parque son cuestións relevantes que serán obxecto de seguimento especial por parte da UGT no futuro.**

No obstante, hai aspectos que, de seguro van seguir formando parte das nosas reivindicacións na Comisión de seguimento do acordo: a extensión do obxecto e ámbito de aplicación do mesmo ás tripulacións e ao colectivo dos e das guías intérpretes de patrimonio natural, vai ser unha das nosas prioridades a futuro.

